

que as televisións autonómicas poidan realizar desco-
nexións provinciais e insulares.

Disposición adicional quinta. *Plan técnico de televisión
local para novas demarcacións municipais.*

As comunidades autónomas, unha vez convocados e
resoltos os concursos públicos nas demarcacións do seu
territorio establecidas polo Real decreto 439/2004,
do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan técnico da tele-
visión dixital local, modificado polo Real decreto 2268/2004,
do 3 de decembro, remitirán, no prazo de seis meses, unha
listaxe dos municipios pendentes de planificación que
sexan considerados prioritarios para efecto da súa inclu-
sión o antes posible, en función das disponibilidades do
espectro radioeléctrico, no Plan técnico nacional da televi-
sión dixital local.

Con posterioridade, procederase á planificación do
resto de municipios de tal forma que quede cuberto todo o
territorio nacional para efecto da súa inclusión, en función
das disponibilidades do espectro radioeléctrico, no Plan
técnico nacional da televisión dixital local.

As corporacións locais correspondentes a municipios
planificados posteriormente poderán, mediante acordo
adoptado polo pleno da súa corporación local, solicitar a
súa incorporación á televisión dixital local de xestión
directa que lle corresponda á súa demarcación.

Disposición adicional sexta.

O Goberno asegurará por lei, para todo o territorio
español, a devolución da concesión tanto dunha licenza de
radio coma de TV ás empresas que non cheguen a pór en
marcha a canle de comunicación concedida nun prazo
determinado de tempo.

Disposición transitoria única. *Estatuto público das televi-
sións locais.*

Co fin de garantir a pluralidade no acceso e na xestión
das televisións locais públicas, o Goberno presentará, no
prazo de seis meses, un proxecto de lei audiovisual que
recolla as bases do Estatuto público das televisións locais.

Disposición derradeira primeira. *Transición á televisión
dixital terrestre.*

1. Sen prexuízo das facultades normativas que lles
correspondan ás comunidades autónomas de acordo cos
seus respectivos estatutos de autonomía, autorízase o
Goberno para ditar as disposicións necesarias para o de-
seenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. Así mesmo, o Goberno adoptará as medidas opor-
tunas para garantir a transición da televisión analóxica á
televisión dixital terrestre e adoptará as disposicións que
resulten necesarias para iso.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publica-
ción no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades,
que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE FOMENTO

10181 *REAL DECRETO 652/2005, do 7 de xuño, polo
que se modifica o Real decreto 2062/1999, do
30 de decembro, polo que se regula o nivel
mínimo de formación en profesións marítimas.
(«BOE» 143, do 16-6-2005.)*

O Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo
que se regula o nivel mínimo de formación en profes-
ións marítimas, incorporou ao ordenamento xurídico
interno a Directiva 98/35/CE do Consello, do 25 de maio
de 1998, pola que se modifica a Directiva 94/58/CE rela-
tiva ao nivel mínimo de formación en profesións marí-
timas, tendo en conta as emendas de 1995 ao anexo do
Convenio Internacional da Organización Marítima
Internacional sobre normas de formación, titulación e
garda para a xente de mar, de 1978 (Convenio STCW).
Esta norma comunitaria experimentou sucesivas revi-
sións, a última das cales foi a Directiva 2003/103/CE do
Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro
de 2003, pola que se modifica a Directiva 2001/25/CE
relativa ao nivel mínimo de formación nas profesións
marítimas.

A Directiva 2003/103/CE adopta os novos requisitos
sobre exixencia de linguas para as comunicacións entre
os buques e as autoridades de terra, obrigatorios a partir
das emendas ao Convenio internacional para a segurida-
de da vida humana no mar (Convenio SOLAS) que
entraron en vigor o 1 de xullo de 2002, e actualiza os exi-
xibles para a expedición dos títulos e os referendos do Con-
venio STCW. A directiva regula, igualmente, un novo
procedemento para o recoñecemento polos Estados
membros da Unión Europea de títulos profesionais marí-
timos emitidos por outros Estados, no cal a Axencia Euro-
pea de Seguridade Marítima ten que desempeñar un
labor importante de apoio á Comisión e aos Estados
membros, por razóns de eficacia e de harmonización de
criterios.

Este real decreto ten como finalidade incorporar
ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2003/
103/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17
de novembro de 2003, polo que se fai necesaria a
modificación do Real decreto 2062/1999, do 30 de dec-
embro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento,
de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación
do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xuño
de 2005,

DISP O Ñ O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2062/1999,
do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo
de formación en profesións marítimas.*

O Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo
que se regula o nivel mínimo de formación en profesións
marítimas, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádese un artigo 6 bis no capítulo III, coa
seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. *Expedición de títulos profesionais da
mariña mercante.*

Os títulos expediranse consonte o punto 1 da
regra I/2 do Convenio STWC.»

Dous. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Normas xerais sobre recoñecemento de títulos profesionais expedidos por outros Estados.*

1. Poderanse recoñecer títulos profesionais de capitán, patrón, oficial ou operador de radio expedidos por outros Estados, sempre e cando sexan parte do Convenio STCW e se cumpran as condicións prescritas neste real decreto. Non se aceptarán para recoñecemento referendos de títulos expedidos por un Estado diferente ao que emitiu o respectivo título profesional.

O título profesional cuxo recoñecemento se solicite deberá incluír o referendo do Estado que o expedise, que acredite o cumprimento das disposicións do Convenio STCW, no modelo establecido na sección A-I/2 do código de formación.

2. Precisarase o recoñecemento dun título profesional para acceder directamente aos empregos das dotacións dos buques mercantes españois, excepto no exercicio de postos que impliquen ou poidan implicar exercicio de funcións públicas atribuídas legalmente a españois, como son o capitán, o patrón ou o primeiro oficial de ponte, que quedarán reservados a cidadáns españois, sen prexuízo do preceptuado no artigo 8.2. O recoñecemento efectuarase mediante referendo, por solicitude do interesado ou da compañía naval, de conformidade coa regra I/10 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/10 do código de formación, para o cal se emitirá a correspondente tarxeta profesional de mariña mercante.

3. O recoñecemento de títulos profesionais que habiliten para exercer de capitán ou de primeiro oficial de ponte exixirá a superación dunha proba sobre coñecemento da lexislación marítima española. O Ministerio de Fomento poderalles exixir, igualmente, a superación da proba aos posuidores de títulos profesionais que habiliten para exercer de xefe ou de primeiro oficial de máquinas.

4. Se o título profesional que se pretende referendar estivese suxeito a algunha limitación en canto ao arqueo do buque, á potencia propulsora, á zona de navegación ou de calquera outra natureza, o referendo efectuarase sen superar as limitacións do respectivo título profesional, e a validez do referendo do título non será superior á que está recoñecida no título profesional.

5. O Ministerio de Fomento determinará os procedementos de recoñecemento de títulos profesionais mediante referendo, de acordo con este real decreto.

6. O procedemento de recoñecemento deberá ser resolto no prazo máximo de tres meses contados a partir da presentación da solicitude, transcorrido o cal sen que recaia resolución expresa a solicitude deberase entender desestimada, para os efectos do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Durante o período de tramitación do recoñecemento do título poderase autorizar o interesado para exercer, en buques mercantes españois, as funcións inherentes ao citado título. Para estes efectos, a Dirección Xeral da Mariña Mercante emitirá a correspondente proba documental de que presentou solicitude dun referendo, de conformidade coa regra I/10 do anexo do Convenio STCW.

8. Para autorizar, non obstante, o embarque nun buque mercante español, a empresa naval deberá acreditar de forma que faga fe ante a autoridade marítima que subscribiu un seguro, ben a través dunha póliza específica, ben mediante a de protección e indemnización do buque, que cubra, durante o prazo mencionado, a responsabilidade civil derivada do exercicio das funcións e permanencia a bordo do posuidor do título profesional suxeito a recoñecemento.»

Tres. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Normas específicas sobre recoñecemento de títulos profesionais expedidos por Estados membros da Unión Europea.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá recoñecer directamente os títulos profesionais expedidos por un Estado membro da Unión Europea, conforme as disposicións nacionais de aplicación.

2. Os cidadáns da Unión Europea que non teñan a nacionalidade española e posúan un título profesional con atribucións suficientes, expedido por un Estado membro, unha vez superada a proba sobre coñecemento da lexislación marítima española, poderán exercer o mando de buques mercantes de arqueo bruto inferior a 100 GT que transporten carga ou menos de 100 pasaxeiros, sempre que operen exclusivamente entre portos ou puntos situados en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.»

Catro. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Normas específicas sobre recoñecemento de títulos profesionais expedidos por Estados non membros da Unión Europea.*

1. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderá recoñecer os títulos expedidos por países terceiros que contengan un recoñecemento en vigor realizado pola Comisión Europea e que figuren na lista de países terceiros publicada no Diario Oficial de la Unión Europea.

Con carácter previo ao recoñecemento deberase establecer un acordo de recoñecemento entre o Ministerio de Fomento e a autoridade competente nesta materia do país terceiro, en cumprimento do disposto na regra I/10 do anexo do Convenio STCW. A tramitación do recoñecemento levarase a cabo mediante a aplicación das directrices aprobadas pola Organización Marítima Internacional que se recollen no anexo deste real decreto.

2. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderalle presentar á Comisión Europea unha solicitude motivada de recoñecemento de títulos idóneos expedidos por un país terceiro non recoñecido aínda pola Comisión Europea pero que sexa parte do Convenio STCW, e do cal o Comité de Seguridade Marítima da Organización Marítima Internacional especificase que demostrou ter dado pleno e cabal cumprimento ao disposto no Convenio STCW.

3. Entrementes a Comisión Europea non aprobe o recoñecemento solicitado, a Dirección Xeral da Mariña Mercante non poderá recoñecer os títulos expedidos polo país terceiro.

4. Se a Comisión retirase o recoñecemento dun país terceiro, os referendos que se fixesen antes de se adoptar tal decisión seguirán sendo válidos. Os mariños que obtivesen os ditos referendos non poderán solicitar un referendo de recoñecemento

dunha atribución superior, excepto se a devandita mellora se basea unicamente na acreditación de períodos de embarco adicionais.

5. Cando teña intención de retirar o referendo dos títulos expedidos por un país terceiro co que asinase un acordo, o Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, comunicarlles a súa decisión á Comisión e aos demais Estados membros. A Comisión Europea, asistida pola Axencia Europea de Seguridade Marítima, reavaliará o recoñecemento do país terceiro, para comprobar se deixou de cumprir os requisitos do Convenio STCW.»

Cinco. O punto 5 do artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«5. Deberá haber medios adecuados para a comunicación entre o buque e as autoridades de terra; estas comunicacións levaranse a cabo consonte o punto 4 da regra 14 do capítulo V do Convenio SOLAS.»

Seis. O anexo queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO

Directrices sobre os acordos entre os Estados parte para permitir o recoñecemento de títulos estipulado na regra I/10 do Convenio STCW

1. Ao establecer acordos para o recoñecemento de títulos en virtude da regra I/10, deberase asinar un compromiso escrito entre a parte que reconece a titulación (é dicir, a Administración) e a parte que expide os títulos que deberán ser recoñecidos (é dicir, a parte expedidora dos títulos). A este respecto, as partes deben considerar o seguinte:

1.1 Identificación da Administración e da parte expedidora dos títulos.

1.2 Posto, enderezo e información de acceso do funcionario da Administración e do funcionario da parte expedidora dos títulos, designados para se responsabilizar directamente de executar o compromiso.

1.3 Ámbito de aplicación do compromiso.

1.4 Procedementos que deberá seguir a Administración, a reserva do consentimento da parte expedidora dos títulos, cando se solicite visitar as instalacións, observar os procedementos ou examinar as normativas que fosen aprobadas ou aplicadas pola parte expedidora dos títulos en cumprimento dos requisitos do Convenio STCW sobre os seguintes aspectos:

1.4.1 Normas de competencia.

1.4.2 Expedición, referendo, revalidación e revogación de títulos.

1.4.3 Mantemento de rexistros.

1.4.4 Normas de aptitude física.

1.4.5 Comunicación e proceso de resposta ás solicitudes de verificación.

1.5 Acceso da Administración aos resultados das avaliacións das normas de calidade realizadas pola parte expedidora dos títulos en virtude do prescrito na regra I/8.

1.6 Procedementos que deberá seguir a Administración para verificar a validez ou o contido dun título expedido pola parte expedidora, e para resolver os problemas que se poidan formular.

1.7 Procedementos que ten que seguir a Administración para lle notificar á parte expedidora dos títulos se retirou ou revogou o seu referendo de recoñecemento por razóns disciplinarias ou doutra índole.

1.8 Procedementos que deberá seguir a parte expedidora dos títulos para notificar con prontitude á Administración calquera cambio importante nos procedementos previstos de formación e titulación en cumprimento do Convenio STCW, e os criterios aplicables para determinar que cambios se teñen que considerar "importantes" para tal fin. Como mínimo, entenderase que os cambios importantes inclúen os seguintes:

1.8.1 Cambios de posto, enderezo ou información de acceso do funcionario responsable de executar o compromiso.

1.8.2 Cambios que afectan os procedementos estipulados no compromiso.

1.8.3 Cambios que representan diferenzas importantes con respecto á información comunicada ao secretario xeral consonte a sección A-I/7 do Convenio STCW.

1.9 Cláusulas de expiración.

1.10 Validez.

2. O compromiso será asinado, ou recoñecido con confirmación por escrito, polos funcionarios autorizados da Administración e da parte expedidora dos títulos.

3. Estas directrices están concibidas para acordos bilaterais, pero tamén se poden aplicar a compromisos multilaterais.»

Disposición transitoria única. *Títulos recoñecidos con anterioridade.*

O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, continuará recoñecendo os títulos expedidos por países terceiros cos cales exista un acordo se figuran como países recoñecidos no Diario Oficial de la Unión Europea, antes da entrada en vigor deste real decreto, sempre que se manteña o recoñecemento en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) Os artigos 7, 8 e 9, o punto 5 do artigo 17 e o anexo do Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.

b) O Real decreto 1312/2004, do 28 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10184 *CORRECCIÓN de erros da Orde APA/1440/2005, do 17 de maio, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 143, do 16-6-2005.)*

Advertido erro no texto remitido para a súa publicación da Orde APA/1440/2005, do 17 de maio, inserta no Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega número 6, do 1 de xuño de 2005, procédese a emendalo mediante a oportuna rectificación:

Na páxina 916, segunda columna punto 5) do anexo, onde di: «Sementes e bulbos de *Allium ascalonicum* L., *Allium cepa* L., *Allium schoenoprasum* L., destinados á plantación.»; debe dicir: «Sementes e bulbos de *Allium ascalonicum* L., *Allium cepa* L., *Allium schoenoprasum* L., e vexetais *Allium porrum* L., destinados á plantación...».

MINISTERIO DE FOMENTO

10249 *Orde FOM/1839/2005, do 10 de xuño, pola que se modifica a Orde do 21 de xuño de 2001, sobre tarxetas profesionais da mariña mercante. («BOE» 144, do 17-6-2005.)*

A Orde do 21 de xuño de 2001 sobre tarxetas profesionais da mariña mercante desenvolve o réxime establecido no Real decreto 2061/1981, do 4 de setembro, sobre títulos profesionais da mariña mercante e no Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.

A Directiva 2003/103/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro, modifica a Directiva 2001/25/CE, relativa ao nivel mínimo de formación nas profesións marítimas.

Esta orde ten como finalidade incorporar ao ordenamento xurídico nacional os aspectos da Directiva 2003/103/CE que inciden no ámbito da Orde do 21 de xuño de 2001; en particular regula, de acordo coa citada norma comunitaria, o procedemento de recoñecemento en España dos títulos profesionais expedidos polas autoridades marítimas dos Estados membros da Unión Europea.

A regulación ampárase materialmente no artigo 149.1.20ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante, e conta coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 2062/1999.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *«Modificación da Orde do 21 de abril de 2001 sobre tarxetas profesionais».*

Un. A disposición adicional segunda da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. Procedemento de recoñecemento de titulacions profesionais de mariña mercante expedidas por Estados membros á Unión Europea.

O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderá recoñecer directamente os títulos profesionais expedidos por un Estado da Unión Europea conforme as disposicións seguintes:

1. O recoñecemento dun título profesional formalízase mediante a expedición da tarxeta profesional de mariña mercante cuxo modelo figura no anexo VII e conterá as mesmas atribucións e limitacións do respectivo título profesional en canto ás condicións de arqueo do buque, potencia propulsora, zona de navegación, ou calquera outra natureza, e polo mesmo prazo de validez que o título que se vai recoñecer.

2. O interesado, ou a compañía naval, deberá solicitar o recoñecemento do título á Dirección Xeral da Mariña Mercante, achegando a documentación seguinte:

a) Solicitude dirixida á Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Certificación de ter superada a proba de lexislación marítima española, de ser o caso.

c) Dúas fotografías tamaño pasaporte.

d) Fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte do interesado onde figuren os datos persoais relativos a nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade e domicilio.

e) Fotocopia compulsada da titulación profesional expedida pola Administración marítima do respectivo país en que figure o referendo internacional de conformidade co Convenio STCW, así como as atribucións, cargos, funcións e limitacións do título que se vai recoñecer. Se fose preciso, este documento deberase achegar cunha tradución para o castelán realizada por intérprete xurado oficial.

f) Certificado médico acreditativo de aptitude física, emitido polo Instituto Social da Mariña ou polo órgano competente doutro Estado, se fose preciso cunha tradución para o castelán realizada por intérprete xurado oficial.

g) Documento acreditativo de ter liquidado o importe das taxas que correspondan á emisión dunha tarxeta profesional.

Dous. O anexo I da Orde do 21 de xuño de 2001 terá a seguinte redacción: